

RESOLUCIÓN DE ADXUDICACIÓN PROVISIONAL

SERVICIO DE LIMPEZA DE OFICINAS E INSTALACIÓNS EMPREGADAS POLOS TRABALLADORES
DA FUNDACIÓN SEMANA VERDE DE GALICIA (REF.: 6006-2010-04)

Examinadas as actas das reunións da mesa de contratación designada para elevar a proposta de adxudicación, mediante procedemento aberto, da citada contratación, que se convocou o 22 de outubro de 2009 (DOG nº207) e segundo o establecido no artigo 135 da lei 30/2007 de 30 de outubro, de contratos do sector público (LCSP) e ó artigo 61 das instrucións de contratación da Fundación Semana Verde de Galicia e conforme a proposta formulada por aquela o día 16 de decembro de 2009, e no uso das facultades que, en materia de contratación, me atribúe o Padroado da Fundación,

RESOLVO:


PRIMEIRO.- Adxudicar de forma **PROVISIONAL** a contratación do concurso “**SERVICIO DE LIMPEZA DE OFICINAS E INSTALACIÓNS EMPREGADAS POLOS TRABALLADORES DA FUNDACIÓN SEMANA VERDE DE GALICIA (REF.: 6006-2010-04)**” á empresa **EULEN, S.A.** polo importe da súa proposta económica: **trinta e un mil novecentos vinte euros (31.920,00.-€), mais cinco mil cento sete euros con vinte céntimos (5.107,20.-€) que corresponden ó IVE, o que supón un total de trinta e sete mil vinteseite euros con vinte céntimos (37.027,20.-€).**

SEGUNDO.- Proceder á notificación da adxudicación provisional aos participantes na licitación, así como a súa publicación no perfil do contratante, de conformidade co disposto no artigo 135 da LCSP e ó artigo 61 das instrucións de contratación da Fundación Semana Verde de Galicia.

De conformidade co disposto no artigo 135.4 da LCSP e tal e como se recolle na cláusula 17 do prego de condicións que rexen nesta contratación, o adxudicatario provisional, deberá presentar nas oficinas da Fundación Semana Verde de Galicia no prazo de **10 días hábiles**, a contar dende o día seguinte á data de publicación desta resolución no perfil do contratante desde organismo, a documentación referenciada no devandito prego.

Silleda, 18 de decembro de 2009

D^a Paloma Hidago López



Directora Xeral